

# Contos a vocados

Programa Lúdico de  
Fomento da Lectura  
e promoción da  
Língua Galega

σBAKílda  
TíA TOLH

Unidade Didáctica



# Índice:

|                                      |         |
|--------------------------------------|---------|
| Presentación.....                    | páx. 2  |
| Obxectivos .....                     | páx. 4  |
| Contidos .....                       | páx. 5  |
| Actividades .....                    | páx. 6  |
| Recursos materiais e temporais ..... | páx. 9  |
| Orzamento e contacto .....           | páx. 10 |
| Quenes somos .....                   | páx. 11 |
| Que din os nenos? .....              | páx. 13 |



\* Todos os debuxos empregados neste dossier están realizados polo/as alumno/as de Primaria do CEIP Carlos Casares de Xinzo de Limia



**E**rasede que non era... nun día 30 de febreiro, que o sol calentaba e Barba Azul conversaba con Pinocho nas terras do Concello de Hamelin, cando apareceu o Emperador espido enriba dunha balea que corría tras os ratos.

Imaxina que os contos de toda a vida cobran vida.

Imaxina que formas parte deles,  
que os transformas...

Imaxina que todos se mesturan nun caldo máxico.

Imaxina dúas tolas que veñen a darlle a volta ó colexio...

Imaxina que representan 2, 4, 10, 20 personaxes  
en 50 minutos...

Presentamos “Contos a Bocados”:

Un día unha misteriosa carta chega á túa escola  
e durante as próximas 3 semanas  
todo será distinto.







Contos a Bocados” é un programa lúdico de fomento da lectura e promoción da lingua Galega.

Tendo en conta os obxectivos e contidos traballados, este proxecto abrangue os niveis de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria. A actividade realizarase de maneira única para cada nivel, puidendo facer un máximo de 3 funcións por día en cada centro

As rapazas e rapaces participan activamente dun proxecto sorpresa do que van coñecendo as misións semana a semana sen saber cal é o seu fin. Colaboran dende o inicio: lendo os contos, preparando material decorativo, creando a banda sonora, etc., ata o día da nosa visita ó centro, momento no que se desvela a sorpresa e onde ademais de asistir a unha representación teatral formarán parte activa da mesma e compartirán un emocionante tempo con Pipa e Castaña (as personaxes encargadas desta aventura).

O fomento de valores positivos como a alegría, a ilusión, a colaboración e a emoción, así como o emprego e coñecemento da lingua Galega e a recuperación de contos clásicos da literatura infantil, mestúranse nesta actividade cuxa finalidade é darlles un tempo de lecer no que aprender estas cousas tan importantes.







## Obxectivos principais:


- Promover o uso do galego en todos os ámbitos da vida cotiá.
- Potenciar o compañeirismo e outros valores positivos entre os nenos e nenas da escola.



## Obxectivos

- Estimular a imaxinación, a fantasía e as emocións dos/as participantes. (CAA, CCEC)
- Fomentar o uso da lingua galega oral e escrita nun ámbito informal. (CCL, CCEC)
- Estimular a lectura en galego. (CCL, CCEC, CAA)
- Promover valores positivos para os/as nenos/as como son o compañeirismo, a ilusión, a diversión, a sorpresa, a ledicia e a risa. (CSC, CSIEE)
- Aprender a traballar en equipo e a valorar a aportación de cada un no conxunto. (CAA, CSIEE, CCEC)
- Potenciar a lectura, comprensión, e análise de contos tradicionais en galego. (CAA, CCL, CCEC)
- Implicar as áreas de Educación Artística e Lingua Galega nun proxecto común. (CCL, CAA, CCEC)
- Comprender as posibilidades do son, a imaxe, o xesto e o movemento expresivo como elementos de representación e expresión de ideas e sentimentos. (CAA, CSIEE, CCEC)
- Impulsar aos nenos e nenas a interaccionar durante a representación. (CSIEE, CCL)
- Ampliar e consolidar a oferta de produtos en galego destinados ao público infantil. (CCL, CCEC)
- Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural. (CCEC)
- Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos. (CCEC, CAA)





## Contidos:

- Lectura de contos tradicionais en lingua galega.
- Análise das historias e personaxes.
- Creación de material artístico (efectos sonoros, vestuario e escenografías).
- Expresión rítmica, corporal e dramática.
- Importancia da aportación de cada individuo no conxunto.
- Emprego do galego na comunicación.
- Integración de valores positivos.
- Ilusión, sorpresa e emoción.
- Asistencia a unha obra teatral.
- Participación activa na representación.
- Valoración da necesidade de compartir traballo e diversión.
- Distribución de tarefas.




# A ctividades:

Para clasificar de forma máis ordenada este proceso, imos enumerar as diferentes actividades que lle iremos propoñendo ós/ás alumnos e alumnas dende o día no que chega a carta coa primeira misión ata despois de coñecernos en persoa.

Queremos insistir na importancia de que o resultado final, a interpretación dos contos lidos, sexa unha sorpresa para os nenos e nenas, e a necesidade de incentivar a ilusión para traballar en cada "misión" dende esta emoción.

As actividades serán as seguintes (por orden cronolóxico):

1. Sumérxete nos contos.
2. Crea sons.
3. Constrúe a fantasía.
4. Amola ás personaxes.
5. Escolle os teus atavíos.
6. Experimenta os contos.
7. Fai a túa crítica.





## As actividades:

**1. SUMÉRXETE NOS CONTOS:** Mandámoslle unha carta ás rapazas e rapaces para presentarnos e propoñerlles participar dunhas misións de cara a unha misteriosa visita.

A primeira misión é a lectura e análise de catro contos tradicionais: "Barbazul", "Pinocho", "O traxe novo do Emperador" e "O frautista de Hamelin"

A lectura dos contos é importante para que coñezan ben os diferentes argumentos dos mesmos.

A análise é necesaria para que coñezan ben e sexan capaces de identificar ás personaxes principais simplemente por un ou dous complementos esenciais. Poden facer as descripcións dos/das portagonistas, un debuxo nomeando as características máis importantes,... O que mellor lles apeteza!

**2. CREA SONS:** Mediante unha mensaxe radiofónica informamos ós/ás participantes da súa segunda misión: crear as músicas e efectos sonoros que acompañarán a representación. Para iso deben buscar sons nos contos e decidir como reproducilos (empregando a voz, instrumentos musicais, o propio corpo, etc..). Haberá que botarlle imaxinación! Os/as mestres e mestras encargados de cada grupo enviarannos unha lista dos sons que ellexiron para poder introducilos no Conto final que estaremos creando.

**3. CONSTRÚE A FANTASÍA:** Por medio dunha tira cómica anunciamos a próxima misión: teñen que empregar as artes plásticas (debuxo, collage, recortes de fotos...) para reproducir decorados e elementos simbólicos que escollan nos contos. Os elementos que fagan poderemos empregalos nós durante a representación dos contos, por iso sen que os nenos o saiban, os profes enviarannos un listado dos elementos que escolleron.





**4. AMOLA ÁS PERSONAXES:** Por fin podeades vernos! Chega un video á escola co que mostramos outra misión: desta vez teñen que pensar nun impedimento para os/as protagonistas dos contos.

Ao igual que nas anteriores misións, os/as mestres e mestras transmitirannos cales serán para montar o Conto final.



**5. ESCOLLE OS TEUS ATAVÍOS:** A data da visita está xa moi próxima por iso pedimos noutra carta que cada neno e nena escolla os atavíos que cada quen considere oportuno para o encontro. Totalmente libre, a ver con que nos sorprenden!

**6. EXPERIMENTA OS CONTOS:** Neste día traemos á escola unha tola representación na que as personaxes dos catro contos traballados toman vida e comparten unha historia en común, feita por bocados de moitas historias. Aquí os nenos e nenas teñen dúas tarefas moi importantes que levar a cabo: observar e participar. Obervar porque ademais de divertirse coa tolemia que lle imos mostrar, deberán estar atentos de onde meter os sons que elexiron e coidar que non se perdan os impedimentos que escolleron para cada personaxe. E participar porque son eles mesmos os que farán estes son en directo e, se o precisamos, deberán substituír a algunha das personaxes durante a actuación.

**7. FAI A TÚA CRÍTICA:** neste caso a avaliación non a facemos nós, senón que lle pedimos a eles que expresen libremente as súas impresións sobre esta actividade.





## Recursos materiais, espaciais e temporais:

Para poder levar adiante todo este traballo Pipa e Castaña precisan da colaboración dos/das mestres e mestras como intermediarios. Teñen tamén a importante función de manter a ilusión e a sorpresa nos/as cativos/as. Pero o papel máis importante dentro deste conto téñenno as/os nenas e nenos que farán que a representación medre e sexa única en cada ocasión.

Contos a bocados funciona cun atrezzo minimalista e simbólico, cada personaxe está identificada por un elemento representativo. Da escenografía e utillería encargaranse os nenos na terceira das misións a cumprir. O resto corre por conta da imaxinación e a improvisación de Pipa e Castaña.

ESPAZO para a representación: aula despexada ou salón de actos.


### TEMPORALIZACIÓN (3 SEMANAS):

- Semana 1: Actividade 1 (Sumérxete nos contos)
- Semana 2: Actividades 2 e 3 (Crea sons e Constrúe a fantasía)
- Semana 3: Actividades 4, 5 e 6 (Amola ás personaxes, Escolle os teus atavíos e Experimenta os contos)

\* A duración da actividade "Experimenta os contos será de 50 minutos.







O PREZO DO PROXECTO É DE 450 €

- DESCONTOS PARA MESMO DÍA/MESMO CENTRO

2º Función----- 300€

\* Prezos sen IVE



obauldatiatola@gmail.com

655 055 654 Soraya

646 045 354 Anna





Somos unha compañía teatral adicada á creación de novos mundos imaxinarios para compartir cos máis cativos.

Neste baúl teñen cabida todos aqueles proxectos que promovan a imaxinación, a ilusión, a alegría e a aprendizaxe a través de diversos estímulos sensoriais e do xogo.

O Baúl da Tía Tola presenta dous tipos de propostas teatrais; por unha banda espectáculos e por outra obradoiros didácticos. Dentro da parte teatral destacamos a creación dos espectáculos para bebés: Tilintilonia, enfocado para nenos máis cativos de entre 6 meses e 3 anos. Estrazalonia, para un rango de idade un pouco máis amplo de 1 a 5 anos.

Os obradoiros didácticos máis salientables son: Contando princesas, un obradoiro que inclúe contacontos e actividades para traballar o xénero; e Contos a bocados, para promover o uso da lectura.



## LINNA CAÑADILLAS

Formouse en diferentes estilos e métodos nas escolas Municipal de Vigo e Studis de teatre en Barcelona onde se especializa en teatro xestual. Leva máis de 7 anos coma profesora de nenos en diferentes eidos como o teatro, psicomotricidade en educación infantil e manualidades. Creou diferentes espectáculos infantís a partir da adaptación de contos e o uso de monicreques e obxectos. Actualmente forma parte do equipo artístico do Baúl da tía Tola e da Cía Madialeva teatro

## SORAYA PARADELA

Formouse en interpretación e diversos estilos de danza en diferentes escolas de Madrid e Vigo como A Artística (Vigo) e Ladinamo (Madrid). Traballou como actriz en diferentes espectáculos infatís, como Aladín perdido na Galiza e Menú Vexetal. Ademáis de creadora e intérprete de teatro para adultos. Como docente imparte clases de Improvisación teatral para todas as idades e realiza obradoiros con cativos. Actualmente forma parte do equipo artístico do Baúl da tía Tola e da Cía Madialeva Teatro.





Queridas Pipa e Castorina:

A miña experiencia foi moi divertida, alegre, sentín unha alegría moi forte no corazón porque foi un momento inolvidable.

Ademais tedes moi bo humor e os describo como dúas persoas moi alegres e divertidas persoas que se diverten de moitas maneiras e con moitas persoas.

Os contos vós de maneira divertida era moito mejor los vuestros que los reales.

Como nos describiríades a nós?

Pois algo lacazinos, divertidas, dormilonas, graciosas e moi interesantes.

A miña experiencia foi moi agradable, tamén sentín moita emoción e entusiasmo, creía que íbais a representarlo pero ísteis unha cousa máis chula.

- Que máis vós gostas e o que menos.

Gustame todo menos a abela e moi carita.

E gustoume as versións que fixestes dos contos porque así xa temos outras contos para contar.

- Como vivistes os contos despois de telos ben estudado? Ben, eu estaba esperando a ver como era o final.

Experiencia foi xeral sentín que estaba noutro universo divertínome moitísimo sobre todo cos personaxes.

A miña experiencia foi moi chula e que sentín nese conto é a amizade dos personaxes. O que máis me gustan foi Carrapuchina Vermella axudando a Pinocho e o que menos me gustan foi Pinocho triste.




Como vistes despois de telos ben estudados?  
Faciéis, divertidos estupendos...

- Que foi o que sentistes?  
Sentín que me gusta estar cos meus compañeiros/as.
- O que máis vos gustou e o que menos.
- Gustounos -> que compartimos, nos axudamos e nos divertimos.
- Non gustou -> pois enfadarnos.

4- Como vivistes os contos despois de telos tan ben estudados? O sentín como se fora realidade protagonista dun conto.

Seguíde divertidos así un bico MUA!!!

Como nos describiriades a nós?  
Pipa: É graciosa, divertida e interpreta xeral o papel do parrulino Leo. Ten o pelo longuíssimo e esa ternura quedáballe de manivilla. É moi simpática, gal níz... Aínda que non a coñece moi pédeceme manivillosa! É por certo, ten moita imaxinación.



Como vivistes os contos despois de telos tan ben estudiados? Foi como o millor momento da miña vida.

5. Com nos describiriades a nós.  
Pipa é unha chica de polo menos 18 anos e activa e moi divertida.  
Costaña é unha chica de polo menos 2 anos e moi divertida.  
Moitos bicos.

Ola Pipa e Castaña,

Os nen@s de 3ºA responderon as vosas enquisas, aí vos van.

A miña valoración é moi positiva e me gustaría volver a veros por aquí.

Unha aperta, dúas apertas vinte e cinco apertadas

A profe  
MILA





# OBALda TATOLA

[obauldatiatola.com](http://obauldatiatola.com)

[obauldatiatola@gmail.com](mailto:obauldatiatola@gmail.com)

655055654 Soraya

646045354 Anna